



<b>ASUNTO</b>	<b>INFORME DE PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN</b>	<b>CLAVE</b>	PE-LU-017-11(2)
<b>PROXECTO</b>	<b>PARQUE EÓLICO SERRA DE LIÑARES</b>		
<b>ESPAZO NATURAL</b>	Reserva da biosfera "Río Eo, Oscos e Terras de Burón".		
<b>CONCELLO</b>	Fonsagrada e Negueira de Muñiz	<b>PROVINCIA</b>	Lugo
<b>ORGANISMO SOLICITANTE</b>	Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria	<b>Ref.:</b>	LU-11/146-EOL
<b>PROMOTOR</b>	AIROSA VENTO, S.L.	<b>Ref.:</b>	

Mediante oficio da *Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo*, de 30 de outubro de 2012, ten entrada nesta unidade administrativa, aos efectos oportunos, documentación complementaria relativa ao parque eólico Serra de Liñares.

Con anterioridade, o 21 de outubro de 2011, esta Dirección Xeral emitiu unha contestación ás consultas previas en relación a devandito proxecto eólico, dentro do procedemento ambiental (consultas previas á decisión de someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental), a petición do órgano ambiental, *Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental*.

Posteriormente, o 31 de agosto de 2012, evacuouse un novo informe a petición da *Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo*, neste caso sobre o estudo de impacto ambiental ao que se decidiu someter o proxecto e dentro do procedemento de avaliación de impacto ambiental.

En base a esta nova documentación complementaria, e trala pertinente solicitude por parte desta *Dirección Xeral, o Servizo de Conservación da Natureza* de Lugo informa o seguinte:

- Que no informe emitido por ese servizo sobre o estudo de impacto ambiental (EsIA) do proxecto sinalaban que a empresa promotora tería que dar resposta as seguintes cuestións:
  - o Localización dos puntos de saída de auga das gabias e drenaxes transversais, concretando os sistemas que se empregarían neses puntos para evitar arrastres e fenómenos erosivos, así como os sistemas de disipación de enerxía que se empregarían neles.
  - o Medidas que se tomarían para evitar o arrastre de materiais ladeira abaixo e os lugares onde se aplicarían, en principio, esas medidas.

Indicábase, así mesmo, que no caso de que a empresa xustificase que non lle era posible presentar na actualidade esa información, na declaración de impacto ambiental (DIA) tería que incluírse a condición de que se presentase antes do inicio das obras, sendo necesaria a súa aprobación.



- Que como resposta ao informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no que se recollen entre outras cuestións as anteriormente citadas, achégase un escrito presentado pola empresa promotora cunha serie de alegacións aos requirimentos sinalados.
- Que logo da revisión da documentación presentada, sinalan as seguintes cuestións:
  - o Alégase que a totalidade da rede de drenaxe, incluíndo os drenaxes transversais, poden consultarse no plano "PB01-Planta general de obra civil" do proxecto de execución. A este respecto sinalan que a documentación que se achegou no seu momento a ese servizo, sobre a que se emitiu o informe, era o EsIA dese parque eólico (memoria, anexos e planos). Revisándoa novamente comprobaron que nela non estaba incluído o proxecto de execución, non atopando no tomo de planos o denominado PB01.
  - o Respecto ás medidas preventivas e protectoras sobre a hidroloxía superficial, alégase que consideran que xa están suficientemente descritas no EsIA, indicando os apartados onde se detallan, enumerando parte delas.

En relación a este punto aclaran que o que se solicitaba era que se "concretasen" as medidas que se tomarían en "cada punto" de saída de auga para evitares arrastres e fenómenos erosivos, así como os "lugares concretos" onde se aplicarían medidas para evitar arrastres ladeira abaixo.

No plan de vixilancia e seguimento, como se aprecia xa nalgunha das medidas que enumeran na documentación presentada, moitas son "recomendacións", actuacións que se "procurará" evitar ou se presentan varias alternativas a elixir (por ex.: instalacións de filtros ou balsas de decantación). Por este motivo solicitaba que se aclarasen, cando fose posible, as medidas que realmente se aplicarían entre as múltiples opcións que se formulan.

Como aclaran no propio EsIA, moitas medidas deberán tomarse sobre a marcha, non obstante isto non debe excluír unha planificación inicial para evitar impactos negativos e que moitas medidas preventivas teñan que estar xa definidas e localizadas ao inicio das obras.

- Conclúen sinalando que consideran que non se da resposta a ningunha das cuestións que se solicitaba que se aclarasen no anterior informe dese servizo. Non obstante, e co fin de non retrasar a tramitación do expediente, se así se considera adecuado podería incluírse directamente na DIA a condición de que presenten a documentación requirida antes do inicio das obras, sen ter que esperar que a empresa xustifique que non lle é posible presentar na actualidade esa información.

Finalmente, á vista da documentación presentada, da información contida no expediente aberto ao respecto, e do informe evacuado polo *Servizo de Conservación da Natureza de Lugo*, estímase pertinente considerar as cuestións sinaladas por este co fin de velar por unha adecuada integración medioambiental do proxecto.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Dirección Xeral de Conservación da Natureza



Emítase o presente informe dentro do ámbito competencial desta Dirección Xeral, así como en base ó procedemento no que se integra a súa solicitude; evacúase, polo tanto, sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións, ditamines e/ou informes que sexan precisos, debendo cumprir o establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio, D.O.T., e no resto da lexislación que lle sexa de aplicación.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2.012.

O SERVIZO DE ANÁLISE DE  
PROXECTOS, PLANSE E PROGRAMAS

Asdo. Javier Furiño Montiel.

VºBº  
O SUBDIRECTOR XERAL DE  
ESPACIOS NATURAIS E  
BIODIVERSIDADE

Asdo. Rogelio Fernández Díaz.